

La Herradura.

La Herradura; sen dúbida o topónimo deriva da morfoloxía deste litoral, ou quizáis sexa algo máis máxico, a pegada da cabalería musulmana na súa fuxida tras a perda de Granada.

Esta pegada está escrita nas beiras do mar de Alborán, vía de entrada da auga atlántica a este mar semipechado. É a cunca mediterránea occidental máis achegada entre Europa e África. Esta proximidade ten propiciado as invasións de abondosos pobos; proba delo son as distintas torres vixía que inzan a costa, como as da punta da Mona e a do outeiro Gordo Castillo.

Costas de cantís, erosionadas e abruptas, con praias de pendentes pronunciadas. Fondos rocosos e areosos, hábitat de especies litorais, estrelas de mar de area, Thalossomas, sargos, bogas ou peixes bentónicos como este blénido amarelo? Pousado sobre un pepino de mar.

A mestura de masas de auga fan que o mar de Alborán sexa moi dinámico e que nel a produtividade biolóxica sexa elevada. A abundancia do plancton propicia a presenza de filtradores, por exemplo corais brandos, como o man de morto, a aparencia do cal non fai xustiza a un nome tan pouco tranquilizador. Outros corais, estes duros como a *Dendrophyllia*, neste caso en colonias illadas, comparten a abundancia do alimento en suspensión.

A débil transparencia, causada en parte polas interferencias de partículas planctónicas, permite a presenza de especies filtradoras e reófilas; son fondos profundos, escuros e con moitas correntes. O dominio dos filtradores continúa, coa presenza de esponxas de cores variadas, que constitúen unha adaptación á luminosidade e ao cromatismo do medio.

A sucesión de sustratos lévanos a estes fondos detríticos, brandos aínda que formados por elementos de consistencia pétreo; aquí támen abunda a vida animal: briozoos, ceriantos, estrelas de mar de rocha, gorgonias, neste caso de cor amarela, e peixes de litoral como os do xénero *Thalossoma*.

O mar de Alborán é un mar bravo, polo que teñen sido históricos os naufraxios. Aquí observamos os restos dun barco, aínda coas maromas que o aseguraban a porto cando estaba atracado. Agora serven para outros propósitos, como albergar unha enorme densidade de mexilóns. Ao seu carón sitúanse cestos para o cultivo de ostras, entre os restos das redes dun barco.

Tanto filtrador atrae aos depredadores carnívoros, como as estrelas de rocha ou os polbos, que buscan entre o pecio.

Ao carón de paredes verticais con corais alaranxados, descubrimos pequenos opistobranquios e caranguexos ermitáns coas súas anémonas comensais, que se desprazan lentamente para se alimentar.

Baixo do mar tamén hai cabalos, aínda que sen ferraduras, que con movementos gráciles e elegantes semellan a danza dos cabalos andaluces. Aquí o seu pasto son os epífitos que colonizan as follas desta pradaría de *Cymodocea nodosa*.

Outros fondos brandos de grao máis groso son o hábitat das ofiuras, que en ocasións se agrupan debaixo das pedras.

A continuación, a area máis fina é o territorio das grandes estrelas de mar de area, que se soterran e alimentan de bivalvos. Aquí tamén hai pegadas, aínda que non tan perennes como a forma da Herradura. As siluetas da estrela e desta raia son debuxos pasaxeiros na paisaxe areosa.

Finalmente observamos esta grande medusa *Rhizostoma pulmo*, cun nome científico que fai referencia a que os seus tentáculos se asemellan aos alvéolos pulmonares. Diríase que a súa natación non deixa pegadas; falsa aparencia, todos os seres vivos temos unha pegada ecolóxica que permanece na biosfera.